

REGULAMENTO DO CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA EN EDIFICACIÓN E ENXEÑERÍA CIVIL (CITEEC) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobado en Consello de Goberno do 3 de abril de 2019

O Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil (CITEEC) da Universidade da Coruña é unha estrutura organizativa que integra infraestruturas instrumentais destinadas a dar soporte a investigadores/as ou grupos de investigación da institución, así como doutras institucións públicas e privadas e á sociedade en xeral. Desde a súa creación no ano 2000, os seus obxectivos foron o aproveitamento eficiente dos recursos científicos da institución; o aumento da capacidade investigadora da universidade e a satisfacción da crecente demanda dos seus traballos técnicos e científicos por parte doutros organismos e entidades públicas e privadas.

Misión: O CITEEC é un Centro de Investigación e de Innovación Tecnolóxica no ámbito da Edificación e da Enxeñería Civil, creado para aportar coñecemento científico e capacidades altamente cualificadas en beneficio da sociedade.

Visión: O CITEEC quiere ser un centro de investigación e innovación tecnolóxica en Enxeñería Civil e Edificación de referencia nacional e con proxección internacional, recoñecido pola excelencia do coñecemento xerado no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións e a transferencia efectiva de resultados á sociedade.

Valores: O CITEEC ten como valores a integridade profesional, o compromiso para xerar ciencia de fronteira, a proactividade para colaborar coa industria, o liderazgo rexional, e o compromiso institucional coa sociedade.

Debido á expansión e ao desenvolvemento que experimentou o centro durante os últimos anos, faise necesario adecuar a súa estrutura organizativa á nova realidade, nun contexto de crecente aposta pola transferencia do coñecemento universitario ao tecido produtivo. Para poder asumir estes obxectivos, a universidade velará para que o Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil dispoña dun instrumental idóneo e dun persoal cualificado, e será o seu funcionamento regulado por este regulamento e por todos os preceptos que emanaren da lexislación vixente e dos acordos do Consello de Goberno da Universidade da Coruña que lle foren aplicables.

TITULO I

NATUREZA E FINALIDADES DO CITEEC

Artigo 1.- Denominación, réxime xurídico e adscrición

1. O CITEEC é unha estrutura organizativa especializada da Universidade da Coruña na investigación e transferencia en materia de edificación e enxeñaría civil.
2. O CITEEC réxese por este regulamento, os Estatutos e normas propias da UDC que lle sexan de aplicación e máis pola lexislación xeral de procedemento, universitaria, científica e tecnolóxica que lle sexa de aplicación.
3. O CITEEC está adscrito orgánicamente á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia ou a vicerreitoría equivalente da UDC.

Artigo 2.- Finalidades do CITEEC

1. Constitúen finalidades do CITEEC:

- a) Dar soporte as actividades en I+D+i dos diferentes investigadores, departamentos, dos grupos, dos centros e dos institutos de investigación da Universidade da Coruña, así como tamén a outros centros públicos e privados, quer de forma individual, quer no marco de convenios, contratos, concertos ou acordos que establecer a Universidade.
- b) Desenvolver os métodos e as técnicas de apoio á investigación para mellorar e ampliar as prestacións de acordo coas directrices da política científica da Universidade da Coruña.
- c) Asesorar á comunidade universitaria en todo o que faga referencia ao seu ámbito de actuación, así como difundir o seu cartafol de servizos.
- d) Proporcionar formación técnica especializada no seu ámbito de actuación.
- e) Contribuír como elemento activo na canalización e mellora das relacións universidade-empresa e, en xeral, universidade-sociedade.

2. Para o logro destas finalidades, o CITEEC desenvolverá cantas funcións e actividades resultaren necesarias de conformidade co disposto coa súa natureza e a normativa de aplicación.

TITULO II

ESTRUTURA E XESTIÓN

Artigo 3.- Composición

O CITEEC está integrado por unha serie de laboratorios dotados dun equipamento de alto nivel tecnolóxico e de persoal especializado, así como dunha secretaría administrativa de apoio na xestión económico-administrativa e a estrutura de goberno.

Artigo 4.- Laboratorios

1. Os laboratorios que compoñen actualmente o CITEEC, e sen prexuízo de futuras ampliacións ou modificacións, son os que figuran no anexo I deste regulamento.
2. Os laboratorios poderán ser creados, modificados ou suprimidos por resolución reitoral, tras o pedimento do Coordinador do CITEEC, o informe favorable da Comisión de Usuarios e co visto e prace do/a vicerreitor/a de Investigación e Transferencia.
3. Tanto o equipamento como o persoal propio adscrito ao CITEEC estará dispoñible para os traballos de I+D+i que realicen os/as investigadores/as usuarios, entendendo que o persoal propio só colaborará nos proxectos con actividades abertas no centro en tarefas de mantemento de equipos e pequenas adecuacións ou obras menores.

Artigo 5.- Estrutura de goberno

A estrutura de goberno do CITEEC é a que segue:

- a) Director/a e opcionalmente Subdirector/a
- b) Asesores/as científicos/as
- c) Comisión de Dirección

Artigo 6.- Dirección do CITEEC

1. O/a director/a do CITEEC terá a cargo a súa dirección científica cunha incompatibilidade con outros cargos unipersoais. Será nomeado/a polo/a reitor/a por períodos de catro anos, renovables, a proposta do/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia entre PDI en servizo activo e a tempo completo da UDC.
2. O/a director/a do CITEEC terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente establecidos para as persoas que ocupen a dirección ou o decanato das facultades e escolas da UDC.
3. A perda da condición de director/a do Centro prodúcese por renuncia, perda da condición de PDI ou da dedicación a tempo completo ou cesamento acordado

polo/a reitor/a, a proposta do/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia.

Artigo 7.- Sub-dirección do CITEEC

1. O/a sub-director/a do CITEEC, será nomeado/a polo/a reitor/a por un período de catro anos, renovables, a proposta do/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia entre PDI a tempo completo da UDC.
2. O/a sub-director/a do CITEEC terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente establecidos para as persoas que ocupen as direccións de departamentos da UDC.
3. A perda da condición de sub-director/a producirase polas mesmas causas previstas na línea 3ª do artigo anterior.

Artigo 8.- Asesores/as científicos/as

1. Para aqueles laboratorios ou áreas de traballo que polas súas características e polas súas prestacións así o requiriren, a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia poderá designar, por proposta do/a Director/a do CITEEC, un ou varios asesores/as científicos, de entre o persoal con plena capacidade investigadora da UDC que sexa experto nos fundamentos e nas aplicacións da instrumentación correspondente.
2. As funcións dos asesores/as científicos serán asistir ao Director/a do CITEEC e ao/á vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia en aspectos científicos, técnicos e de xestión que se relacionaren co CITEEC, na definición do ámbito científico de actuación deste, e, en definitiva, contribuíren ao desenvolvemento científico e técnico do CITEEC.

Artigo 9.- Comisión de Dirección

1. A participación activa das persoas usuarias da UDC no seguimento das actividades do CITEEC realizarase a través da Comisión de Dirección.
2. A comisión estará constituída por:
 - Polo/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
 - Polo/a Director/a do CITEEC ou persoa en quen delegue, que actuará de vicepresidente/a.
 - Por un/ha representante dos usuarios de cada un dos laboratorios, e ata un máximo de dúas persoas adicionais, a proposta do/a Director/a, para cubrir continxencias o garantir a representatividade de algún colectivo, centro, etc.
 - Por un representante do persoal laboral ou funcionario adscrito ao CITEEC.

Ademais do/a presidente/a e do/a vicepresidente/a, elixirase un secretario/a entre os restantes membros da Comisión.

3. Os representantes dos usuarios serán nomeados pola Comisión de Investigación e propostos polo/a Director/a do CITEEC oídas as propostas dos usuarios dos laboratorios, que informará o Consello de Goberno por un período máximo de catro anos.

4. Son competencias da Comisión de Dirección:

a) Definir as condicións para ser usuario do CITEEC e a perda desta condición. O centro está aberto a investigadores ou grupos no seu ámbito de traballo sen limitación da súa orixe xeográfica.

b) Informar e propor novas liñas de traballo.

c) Informar sobre as necesidades dos/as investigadores/as e sobre as disfuncións que se detectaren no funcionamento dos distintos laboratorios do CITEEC.

d) Propor planos de mellora nas prestacións dos laboratorios do CITEEC

e) Estudar melloras aconsellables no funcionamento, no equipamento e na dotación do CITEEC.

f) Propor peticións de infraestruturas.

g) Propor adecuacións ou modificacións da normativa de funcionamento do CITEEC.

5. A Comisión de Dirección reunirse, cando menos, dúas veces por ano por convocatoria do/a Director/a do CITEEC ou por petición, como mínimo, da terceira parte dos seus integrantes.

Artigo 10.- Calidade

1. Para todos aqueles aspectos relacionados coa implantación e co mantemento dun sistema de xestión da calidade nos servizos, acreditación de ensaios etc., contarase coa colaboración dun responsable de calidade e a Unidade Técnica de Calidade (UTC) da Universidade da Coruña.

2. No seu avance cara a unha cultura de calidade e para dar un mellor servizo, adaptado ao máximo ás necesidades dos usuarios, o CITEEC habilitará un sistema de recollida de información sobre o seu grao de satisfacción polos servizos recibidos.

3. Así mesmo, o CITEEC porá a disposición dos usuarios, a través da súa páxina web e da Secretaría Administrativa, un sistema de recollida de queixas, de reclamacións, de parabéns e de suxestións.

TÍTULO III

DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 11.- *Recursos económicos*

A dotación económica do CITEEC estará consignada como tal e nos orzamentos xerais da UDC.

Artigo 12.- *Captación de recursos mediante actividades de colaboración*

Co fin de asumir os seus obxectivos e de mellorar a súa infraestrutura humana e mais instrumental, o CITEEC poderá beneficiarse de accións de doazón, de mecenado e de patrocinio que se levaren a termo no marco de convenios, de acordos, etc, coa Universidade da Coruña, de conformidade coa normativa que proceda.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

ANEXO I

Os laboratorios existentes no CITEEC no momento de aprobación deste regulamento son os seguintes:

- Laboratorio de Construción.
- Laboratorio de Dinámica de Estruturas
- Laboratorio de Enxeñería Ferroviaria e Transportes.
- Laboratorio de Enxeñería Sanitaria e Ambiental.
- Laboratorio de Estradas e Xeotecnia.
- Laboratorio de Hidráulica.
- Laboratorio de Instrumentación e Sistemas Intelixentes en Enxeñería Civil.
- Laboratorio de Mecánica de Rochas.
- Laboratorio de Métodos Numéricos en Enxeñería.
- Laboratorios de Portos e Costas:
 - o Laboratorio “Dársena”
 - o Laboratorio “Canal”
- Laboratorio dos Túneles de Vento en Enxeñería Civil.